

Santa Xoana de Chantal en dous cruceiros galegos

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ*

A difusión en Galicia do culto a Xoana Francisca de Chantal, santa francesa fundadora da Visitación de Santa María (salesas ou visitandinas), é moi pequena, e, ademais, recente, pois o número de centros monásticos con que conta a súa orde limitábase a dous, ambos fundados neste século: o de Lugo, que se estableceu o 21 de agosto de 1900, e o de Vigo, o 21 de febreiro de 1933. O segundo, por exemplo, a finais da década dos anos setenta contaba con 32 irmás (*Nomenclátor...* 1977, p. 106).

É precisamente por iso -por tratarse dunha orde con tan pouco espallamento na nosa Terra e, ademais, por establecerse aquí tan tarde-, polo que reviste importancia o feito de que haxa dous cruceiros na parroquia de Urdilde, pertencente ó concello coruñés de Rois, que contén entre as súas imaxes coa desta fundadora monástica.

I. SINOPSE BIOGRÁFICA

Para poder situar máis doadamente estes cruceiros (quizais os únicos nos que está representada Santa Xoana de Chantal e, posiblemente, das primeiras esculturas que se tallaron en Galicia coa súa efixie), é imprescindible coñecer-las datas máis sobranceiras da súa vida:

Xoana Francisca Frémyot, polo seu casamento varonesa de Chantal, naceu en Dijon o 23 de xaneiro de 1572, e faleceu en Moulins o 13 de decembro de 1641. Ó enviuar, en 1601, despois de ser nai de seis fillos, foi cando decidiu dedicarse por enteiro á vida relixiosa, fundando xunto con San Francisco de Sales (o seu guía espiritual), a orde contemplativa feminina




Fig. 1.- Urdilde: cruceiro do Campo das baías ou da festa.

da Visitación. O primeiro mosteiro foi o de Annecy (Haute-Savoie), no que deu comezo o 6 de xuño de 1610, e no que reside aínda actualmente a madre xeneral.

As informacións xurídicas para a súa beatificación abrironse setenta e catro anos despois do pasamento, rematando en 1718 en que foron levadas a Roma. Pero ata o 13 de novembro de 1751 non acadou a beatificación, sendo papa Benedicto XIV. Malia ós debates que xurdiron co gallo da súa correspondencia con destacados membros xansenistas, como a abadesa de Port-Royal, Clemenzo XIII canonizouna o día 16 de xullo de 1767. A festa celébrase o 21 de agosto. As súas cartas están

*Clodio González Pérez é secretario da secc. de Etnografía e Folklore do Instituto "Padre Sarmiento" de Estudos Galegos, secretario da xunta rectora do Museo do Pobo Galego e autor de varios libros e múltiples artigos. Entre os primeiros salientan: *A festa dos maíos en Galicia; Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: notas históricas e situación presente; A coca e o mito do dragón; A produción tradicional do ferro en Galicia: as grandes ferrerías da provincia de Lugo...*

consideradas como un dos máis acabados tratados da busca da perfección relixiosa (FRÉMIOT DE CHANTAL, 1828).

O seu labor espiritual axiña deu abondosos froitos, pois cando finou só en Francia deixaba fundados 87 mosteiros. Logo se estendeu: Suíza (1636), Polonia (1654), Bélxica (1667), Italia (1671), Austria (1717), España (1749), Portugal (1784), Inglaterra (1804),... Fóra de Europa, a onde primeiro chegou foi ós Estados Unidos de América, o ano 1816.

No Estado Español a primeira casa visitandina foi o mosteiro madrileño coñecido por "Salesas reales", establecido o 18 de febreiro de 1749 polos reis Fernando VI e María Bárbara de Braganza. Seguíronlle outro tamén en Madrid (1798), e logo o de Calatayud (1806), Orihuela (1826), Valladolid (1860), Barcelona (1874), Vitoria (1879), Valencia (1879), Oviedo (1881), Pamplona (1882), Burgos (1892), Sevilla (1894), Santander (1895), Lugo (1900), Granada (1901), Durango (1903), Donostia (1905), Madrid -o terceiro- (1907), Salamanca (1910), Palma de Mallorca (1921), Vigo (1933) e Córdoba (1951). Como se pode ver, o período de máis difusión foi durante o século XIX e primeiros anos do XX (*Algunos conocimientos...*, 1986, 293 ss.).

Polo que se refire á zona onde se achan os cruceiros, o mosteiro visitandino que houbo máis preto foi o de Padrón, pero só entre 1926 e 1931, pois eran as irmás do portugués do Porto que fuxiran co gallo da revolución. Neste último ano voltaron para o seu país, instalándose en Braga.

II. URDILDE

Atópase esta parroquia a medio camiño entre Santiago de Compostela e Noia, na vereia real (hoxe estrada) que une ámbalas dúas poboacións, e pola que transitaban os peregrinos que chegaban por mar ata o porto noiés. Pertenceu á histórica "terra de Santiago", dependendo no civil da xurisdicción de Quinta, e no relixioso do



Fig. 2.- Cruceiro do Campo das bailas: Santa Xoana. A flor de lis que lle fai de peaña que-re dicir que se trata dunha santa nobre francesa.

arciprestado da Amaía -aínda que non se acha nesta comarca natural-. En 1769, por exemplo, contaba con 1.011 "almas", das que 527 eran mulleres e 484 homes (GONZÁLEZ PÉREZ, 1990, 25).

No século XVII acadou certa sona, pois dela foi párroco durante varios anos o crego-poeta Martiño Torrado de Figueira, autor dunhas décimas dedicadas ó apóstolo Santiago que se fixeron tan famosas que aínda eran cantadas polos cegos á porta da catedral no segundo tercio do s. XIX (TORRADO DE FIGUEIRA, 1953).

Nos primeiros anos do XIX volveu a ser noticia polo nomeamento como párroco do absolutista Santiago Pastoriza Taboada e Martínez, que a rexeu dende o 10 de xuño de 1812 ata o 28 de xuño de 1824. Home moi culto, que antes de vir destinado para Urdilde fora profesor na Real Academia de Teólogos da Universidade de Salamanca, e de "Concilios" na de Alcalá de Henares. Deixou a parroquia ó

ser nomeado coengo de Santiago (GONZÁLEZ PÉREZ, 1990, 79 ss.).

Aínda que non o podemos demostrar documentalmente, case seguro que a presenza de Santa Xoana de Chantal se deba a este párroco. Si é certo que non negamos a posibilidade de que sexa obra de algún crego francés fuxido do seu país durante a revolución, dos que varios viviron en Compostela pero, polo de agora, non temos testemuñada aquí a presenza de ningún, anque poideran predicar nalgunha "misión" ou mesmo no precepto pascual (MEIJIDE PARDO, 1991)¹.

Descoñecemos a relación que poido haber entre Santiago Pastoriza Taboada Martínez ou outro calquera dos párrocos de Urdilde coa orde das salesas. Actualmente non hai ningunha imaxe desta santa francesa na igrexa, entre as moitas con que conta, nin tampouco sabemos de que a haxa en todo o antigo arciprestado da Amaía, reformado territorialmente non hai aínda moitos anos (GENDE FRANQUEIRA, 1981). E o mesmo pasa a nivel de todo o arcebispado compostelán, no que o seu número debe ser insignificante, se é que hai algunha.

III. OS CRUCEIROS

Urdilde conta con 17 cruceiros, dos que sete son sinxelas cruces, algunhas altas, pero sen imaxes. Deles hai tres de capela (de un só quedan algúns insignificantes restos), e os demais de varal. Entre estes últimos, salienta pola súa riqueza iconográfica o da Fonte de Vilariño, no que está representado o desencravo. Data de 1888.

Polo que atinxe ós que nos interesan agora, un é de varal e o outro de capela.

¿Quen pagaría a súa labra e mandaría que figurasen estas imaxes e non outras? Coidamos que o máis vello, que é o que



Fig. 3.- Urdilde: cruceiro de Carabeles.

está no Campo da festa ou das bailas fose toda a freguesía ou mesmo algún devoto, xa que segue sendo de propiedade parroquial.

O segundo xa prantexa máis dúbidas, dado que se atopa na aldea de Carabeles, que conta con tres únicas casas, e que nunca debeu ter moitas máis, pois non quedan restos. O cruceiro áchase nunha encrucillada, que forman o camiño desta aldea co que vén da do Castro (pola que pasaba a verea real de Santiago a Noia, e agora a estrada). Dende aquí seguía para a Luaña (Brión), e logo cara a Negreira. Era, polo mesmo, un lugar concurrido, aínda que actualmente non o sexa por quedar lonxe das modernas vías de comunicación. Poido ser mandado labrar por algún veciño (por tradición din que a propietaria é unha familia, o que testemuñaría que foi un devanceiro o que correu cos gastos). Sexa certo ou non, o caso é que tivo que intervir unha

¹Entre 1711 e 1824 gobernaron a parroquia de Santa María de Urdilde os seguintes párrocos: 1711-47, Lourenzo Domínguez; 1747-47, Pedro de Covas; 1747-58, Xosé Valcaree; 1758-59, Pedro Corbela Gil; 1759-86, Ignacio Cotón; 1786-87, Domingo Gil Verduga; 1787-89, Xosé Rosendo González; 1789-1809, Pedro X. Codesido Vaamonde; 1809-12, Alonso A. de Leis; 1812-24, Santiago P. Taboada Martínez. Houbo tamén varios coadutores, sobre todo co último.

persoa que coñecía a orde das visitandinas e, en particular, que sentía grande devoción pola súa fundadora. Posiblemente fose o mesmo párroco que xa pouco antes acordara poñer a imaxe da santa francesa por detrás da cruz no do campo da festa, no lugar reservado tradicionalmente á Virxe, polo que non é de estrañar que algún autor a teña identificado con ela.

A) Campo das bailas ou da festa

Como xa se dixo, áchase no medio da carballeira onde se celebran as festas parroquiais, non lonxe da igrexa. Sufriu, alomenos, un troco de emprazamento, non hai aínda moitos anos, ó face-la pista circular de baile, pero foi de poucos metros.

O basamento é triangular, único entre os cruceiros do concello de Rois e, en xeral, raro entre os galegos. A basa ten as arestas superiores chanfradas, e no rebaixe a inscrición case toda ela ilexible, en parte oculta polo pousadouro que hai diante, sobre o que poñen os santos nas procesións e, en particular, na celebración eucarística do Sacramento. A data, que é o que máis nos interesa, atópase moi borrosa, pódese dicir que totalmente ilexible. Quizais sexa a de 1776 ou 1816. Tendo en conta o estilo do cruceiro somos partidarios da segunda².

O fuste empeza de sección cadrangular para logo pasar a circular, estreitándose ó ir subindo. Xa pretiño do capitel, hai varias figuras en baixorrelevo; no fronte un Neno Xesús de Praga(?), á súa esquerda un orante franciscano (case seguro que o fundador de Asís), e máis arriba unha custodia ou viril radial.

O capitel é bo: de catro caras con volutas angulares, e no medio de cada unha, unha figuriña: debaixo de Cristo, un santo axionllado que poidera ser San Francisco amosando os estigmas; o seguinte é San



Fig. 4.- Cruceiro de Carabeles: "S. Gvana". O que debaixo dunha imaxe se lle poña o nome indica que se trata dun santo pouco popular, descoñecido para os veciños.

Pedro; o que está ós pés de Santa Xoana seguro que Santo André sostendo a súa cruz aspada, e, por último, San Xoán Bautista.

O conxunto escultórico superior tamén está moi logrado, amosando que o escultor ou santeiro (como se adoitan denominar popularmente) dominaba o oficio: a cruz é leñosa, de sección tirando a cadrangular, con nós pronunciados nos ángulos, que lembran o festonado das cruces góticas, e que se repite en varios cruceiros de capela, tanto deste concello como dos lindeiros, e cos remates en tetrapétalas. O crucificado é moi expresivo, exento agás nos puntos imprescindibles para sosterse na cruz. Por detrás está a figura feminina que máis nos interesa, tamén moi ben acabada, cunha pequena cruz na man dereita e coa esquerda collendo do manto á altura da cintura.

²Correximos a de 1816 que demos hai algúns anos (GONZÁLEZ PÉREZ, 1990, 203). Como se pode comprender, sería un caso sumamente raro que figurase nun cruceiro unha "santa" que aínda non fora nin tansequera beatificada (1751).

De supedaneum faille unha peaña semellante a unha flor de Lis, coidamos que exemplar único entre tódolos cruceiros galegos, co que se indica que se trata dunha santa nobre francesa. A fundadora das visitandinas viste roupa talar propia da súa orde.

Agás a inscrición que, como xa se di-xo, atópase case toda ela ilexible, polo demais o seu estado de conservación é perfecto.

Para J.M. Laredo a imaxe que hai por detrás da cruz é a da Virxe, como adoita a ser tradicional nos máis dos nosos cruceiros. Por suposto que non concordamos coa súa opinión, aínda que disculpamos o erro, porque pode ser cometido por calquera, por moi especialista que sexa no tema. A clave para descubrir esta imaxe atópase no seguinte, no que figura o nome da santa³.

B) Carabeles

Despois do detido estudio que fixemos de tódolos cruceiros de capela do concello de Rois (que temos pensado seguir ampliando cos dos demais concellos onde hai destes monumentos), chegamos á conclusión que é un dos derradeiros entre os do seu estilo, pois case tódolos demais cronoloxicamente pertencen ós séculos XVI, XVII e XVIII.

Como xa queda indicado, está situado na pequena aldea de Carabeles, nunha encrucillada que noutros tempos debeu estar máis concurrida que actualmente, xa que vindo dende Noia por este camiño os veciños das parroquias da Luaña, Cornanda, etc., non tiñan porque pasar por Urdilde, aforrando así case cinco kms.

Neste caso trátase dun cruceiro de capela, é dicir, que no lugar do capitel ten un pequeno oco onde se acubilla unha imaxe, polo xeral (como no presente caso) da Virxe. Estes cruceiros só se achan en parte das terras delimitadas polas rías de Arousa



Fig. 5.- Santa Xoana de Chantal, fachada da igrexa das Salesas Reales de Madrid, obra do italiano Domingo Olivieri (faleceu no 1762).

e Noia, e polo interior o último concello é o de Ames.

Posúe tres gradas, de maior a menor. Da última arrinca o monolítico fuste, de sección cadrada coas arestas rebaxadas. Case tocando coa capela, ten un baixorrelievo no que está representado un santo peregrino, abenzoando coa man dereita ós camiñantes e co bordón na esquerda. Non hai dúbida de que se trata do apóstolo Santiago.

A pedra que fai de solo da capela ten unha cabeza de anxiño con ás no fronte, sorrinte. As paredes laterais polo exterior están adornadas con baixorrelievos: poñéndose de fronte, á esquerda queda un santo papa, quizais San Clemenzo, aínda que tamén pode ser San Gregorio Magno, pero non San Pedro, pois non é a representación iconográfica tradicional. Leva tiara

³Isto é o que di J.M. Laredo: "Esta es una ocasión más, un ejemplo de la inventiva de nuestros artistas palpablemente demostrada en la imagen de la Virgen que adorna la cruz; no conocemos ninguna representación mariana que, como ésta, levante en su mano derecha una cruz, hasta la altura de la cabeza, y vuelva la cara hacia ella, mirándola, mientras con la izquierda se sujeta el manto" (LAREDO, 1986).

sobre a cabeza e báculo de dúas cruces na man esquerda, quedándolle libre a dereita para abenzoar. O oco da fornela é rectangular agás na parte superior que semella un arco conopial, como se se tratase dunha cortina partida en dúas metades recolleitas.

No da destra está Santa Xoana de Chantal. Xa dixemos que non hai dúbida de que se trata desta fundadora, pois por debaixo en grandes caracteres figura o seu nome: S. GVANA.

O mesmo que no cruceiro do Campo das bailas, aquí está de xeito semellante, pero axionllada ollando cara á cruz que ten na man dereita. A esquerda tena caída coa palma cara arriba. O artista representouna en oración. Viste, igual que no outro cruceiro, roupas talaras relixiosas, propias da súa orde.

Dentro da capela hai unha pequena imaxe de non doada identificación. Afástase de cantas temos ollado nestes cruceiros de capela: sedente, con longas roupas e abundantes dobras, e a cabeza descuberta, con nimbo circular por detrás. Os brazos arremangados ata os cóbados, en particular o dereito que o apoia nos xionllos, mentres que ergue o esquerdo facendo ademán de abenzoar. É de supoñer que o santeiro quixese representala bendicindo pero debeuse equivocar, pois o normal é que sexa coa destra. Supoñemos que sexa a Virxe, aunque tampouco desbotamos totalmente que se trate dunha figura masculina e, polo mesmo, Xesucristo.

A cruz que coroa o conxunto coidamos que sexa obra posterior. Dela non quedan máis que algúns restos da figura de Cristo: parte do pano de pureza, as mans e os pés.

A inscrición áchase no fuste, por debaixo do baixorrelevo de Santiago. Actualmente non é posible a súa lectura. Distínguese unha data que, tendo en conta

o que sabemos agora da santa representada, coidamos que sexa a de 1817⁴.

IV. ICONOGRAFIA DE SANTA XOANA

Queda dito que non hai dúbida sobre a súa identificación dado que no cruceiro de Carabeles figura en letras ben claras "S. GVANA". E entre as poucas santas que levan este nome a súa iconografía é única. Polo que se refire á cruz: téñena na man Santa Rita (poidera ser, pero a representación apártase da tradicional); Santa Caterina de Siena, que ademáis leva coroa de rosas; Santa Elena, pero no seu caso a cruz é grande e, ademáis, porta coroa por ser emperatriz, e, por último, Santa María Magdalena, pero esta nunca se representa con roupa talar.

Non é doado atopar nos cruceiros os nomes dos santos, mesmo na zona de Urdilde non coñecemos ningún, e nos dous que estamos estudando tampouco, a non ser este, que debeu obedecer a que non era unha santa popular, polo que lles pareceu convinte poñerllo. Actualmente en Urdilde non se lle celebra ningún culto, nin tampouco a xente se lembra dela.

Das dúas representacións, a que segue as liñas máis tradicionais é a do cruceiro do Campo da Festa, aínda que se diferencia da da fachada das Salesas de Madrid, por exemplo, en que na man esquerda non ten o libro da Regla, senón que con ela colle o manto. O autor desta imaxe foi o italiano Domingo Olivieri, falecido en 1762⁵. Pero máis diferente é a de Carabeles, pois aínda que terma da cruz coa man dereita, está axionllada e coa esquerda aberta en ademán de súplica. Tanto nun cruceiro coma no outro viste roupa talar relixiosa.

O normal é que coa man esquerda colla un libro que arrima contra si, feito -que

⁴Aquí tamén correximos a que temos dado de 1717. En último caso poidera ser a de 1777, pero parécenos moi cedo, xa que a santa foi elevada ós altares en 1767 (GONZÁLEZ PÉREZ, 1990, 203, e 1991).

⁵O edificio das Salesas Reales, o primeiro con que contou esta orde en España, foi construído entre os anos 1750 e 1758 por orde da raíña Dna. María Bárbara de Braganza, no que se atopa enterrada xunto co seu marido o rei Fernando VI. O autor do proxecto foi o arquitecto francés Francisco Carlier, e o encargado das obras Francisco Moradillo, cfr. POLENTINOS, Conde de: "El monasterio de la Visitación, en Madrid (Salesas Reales)", *Boletín de la Sociedad Española de Excursiones*, XXIV, Madrid, 1916.

como xa queda dito-, non se dá nas dúas de Urdilde, que a persoa que dirixeu ó mestre canteiro quixo que termase do manto no caso da do Campo da Festa, ou coa man aberta a de Carabeles. Anque o elemento iconográfico máis representativo (a cruz na man dereita) téñeno as dúas imaxes. Esquecéronse de que un dos seus atributos tamén é o corazón inflamado sobre o que está o nome de Xesús.

V. CABO

Como é ben sabido de todos, o normal dos nosos cruceiros é que no reverso da cruz estea representada a Virxe, aínda que haxa algúns (pouquísimos cuantitativamente) con algún santo. O que xa é moito máis raro é que sexa unha monxa que aínda fora elevada ós altares poucos anos antes. O mesmo cómpre dicir do baixorrelevo de Carabeles, e do feito de que por ser unha advocación nova e descoñecida para os veciños se lle puxese debaixo o nome.

Non hai dúbida que a persoa que mandou labrar as dúas figuras de Santa Xoana estaba ó tanto da súa haxiografía e iconografía. Posiblemente foi o párroco Santiago Pastoriza Taboada Martínez, que rexeu a parroquia de Urdilde dende o 10 de xuño de 1812 ata o 28 do mesmo mes de 1824. Antes xa fora profesor na Real Academia de Teólogos da Universidade de Salamanca, e de "Concilios" na de Alcalá de Henares.

Por todo o exposto, atrevémonos a afirmar que nestes dous cruceiros de Urdilde está representada Santa Xoana de Chantal, fundadora da orde das visitandinas ou salesas. Por este feito, que consideramos único en Galicia, é polo que estas dúas obras son merecentes de ser coñecidas por todos cantos se interesan pola nosa arte popular. □

BIBLIOGRAFÍA

a) Fontes

Arquivo parroquial de Santa Maria de Urdilde, 1681-1819

b) Publicacións

A.B.S. y M.N. (1831): *Diccionario histórico o biografía Universal*, IV, Barcelona.

Algunos conocimientos relativos a la historia de la orden de la Visitación de Santa Maria, (1986), Oviedo.

FRÉMIOT DE CHANTAL, J.F. (1828): *Cartas de Santa Juana Francisca Frémot, Baronesa de Chantal. Traducidas del francés al castellano por una Religiosa del Orden de la Visitación de Santa Maria en el Real Monasterio de Madrid*, Ibarra, Madrid.

GAZIER, A. (1915): *Jeanne de Chantal et Angélique Arnauld*, París.

GENDE FRANQUEIRA, G. (1981): *El arte religioso en la Mahía*, Fundación Universitaria Española, Madrid.

GONZÁLEZ PÉREZ, C. (1989): "Os cruceiros de capela: I, Concello de Rois (I)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, num. 103.

GONZÁLEZ PÉREZ, C. (1990): *O concello de Rois: Historia, Economía e Arte. Catálogo arqueológico, artístico e monumental*, Concello de Rois, Noia.

GONZÁLEZ PÉREZ, C. (1991): "Os cruceiros de capela: I, Concello de Rois (II)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, num. 104.

Introducción a la vida devota de San Francisco de Sales, Obispo y príncipe de Génova, fundador de la Orden de la Visitación de Santa Maria. Traducida del francés, emendada y añadida por el licenciado D. Francisco Cubillas Donyagüe, Presbítero, Abogado de los Reales Consejos, (1792), Segovia.

Jeanne de Chantal. Sa vie et ses oeuvres (1877-1893), París, 7 volumes.

LAREDO, J.M. (1986): "Santa Maria de Urdilde", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 4 de outubro.

MEIJIDE PARDO, M^a.L. (1991): *Sacerdotes franceses emigrados durante la revolución a Galicia*, Ed. do Castro, Sada.

Mémoires sur la vie et les vertus de sainte Jeanne Frémyot de Chantal (1893), París.

Nomenclátor-estadística de la diócesis de Tuy-Vigo (1977), Bispado de Tui-Vigo, Vigo.

TORRADO DE FIGUEIRA, M. (1953): *Santo da barba dourada*, Edicións Monterrei, Vigo.